

# O PEIXE ARCODAVELLA

Texto e ilustracións de **MARCUS PFISTER**

Tradución de **IAGO NICOLÁS BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 21,5 x 28 cm. 32 páx. 16 €.  
Con láminas holográficas en capa, contracapa e páxinas interiores.

PREMIO CHRISTOPHER (1992, Nova York)  
PREMIO CRITICI IN ERBA (1993, Feira de Boloña)

**O peixe Arcodavella** (galego)

ISBN 978-84-8464-417-0. Tras os montes.

**Ortzadar arraina** (euskara)

ISBN 978-84-9172-066-9. Gaur egungo klasikoak.

**O peixe Arco-rls** (portugués)

ISBN 978-989-749-121-4. Clásicos contemporáneos.



*Lonxe, en mar aberto, vivía un peixe.*

*Pero non era un peixe calquera. Era o peixe máis bonito de todo o océano. O seu vestido de escamas brillaba con todas as cores do arco da vella. Os demais peixes admiraban o seu relucente vestido de escamas multicolor...*

O escintileo das súas escamas iluminaba a auga ao seu paso e chamaba a atención dos demais peixes, que o admiraban e chamaban por el para xogaren xuntos, pero o peixe Arcodavella ignorábaos. Mais todo cambiou cando, con moito desaire, lle negou unha das súas escamas brillantes a un peixiño azul; dende entón, todos lle deron as costas e o peixe Arcodavella quedou só e triste.

Será o polbo sabio quen lle indique o remedio para acadar a amizade que rexeitara inicialmente coa súa actitude fachendosa. Porque non é máis feliz quen máis resplandece; a auténtica beleza está no interior: humildade, xenerosidade e bondade son algunhas das claves da harmonía cun mesmo e cos demais.

«O peixe Arcodavella» é unha invitación para -como lle acontece ao protagonista desta fermosa historia aclamada en todo o mundo- sentir “algo estraño” no noso interior cando compartimos o que temos. Un clásico de 1992 que segue tan refulgente como antano, con luminosas acuarelas que nos transportan a un fondo mariño cheo de vida e de intenso colorido.



- **Temática:** xenerosidade, humildade, amizade.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil; fábula moderna; criaturas do mar; educación das emocións, compartir; contraste de actitudes negativas e positivas.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-peixe-arcodavella-g>

## Marcus Pfister

(Berna, 1960)

Estudou na Escola de Arte de Berna e empezou a traballar nunha axencia de publicidade como deseñador gráfico. Tras viaxar por Estados Unidos, Canadá e México, regresou a Suíza, onde iniciou a súa traxectoria como ilustrador. Publicou o seu primeiro libro en 1986 e seis anos despois creou o seu gran éxito internacional, «O peixe Arcodavella», que se converteu nunha colección de libros dos que se venderon máis de 30 millóns de copias en todo o mundo, ademais de contar cunha adaptación de debuxos animados para a televisión. Dende entón publicou medio cento de libros que foron traducidos a numerosas linguas. Viaxou por Asia, América e Europa dando a coñecer a súa obra, que se caracteriza polo amplo abano de técnicas e de estilos, dende as historias con dous finais diferentes ata os libros con páxinas divididas, pasando polas láminas holográficas de «O peixe Arcodavella». Por este título recibiu, entre outros, o Premio Christopher (1992, Nova York), estivo nominado ao premio Kate Greenaway (1993) e foi recoñecido co premio *Critici in Erba* (1993) da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

<http://www.marcuspfister.ch>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com